

RICARDO CARBALLO CALERO

30 de outubro de 1910, rúa San Francisco, 51, Ferrol Vello. Aquí nace a semente, aquí nace Ricardo Carballo Calero. Escritor, lingüista, defensor da cultura galega e educador, ésta é a labor que hoxe, nas vísperas do noso día das Letras Galegas, por fin adicado a él, quero destacar. Foi o primeiro de seis irmáns, morrendo dous de eles cando aínda eran pequenos. Familia da burguesía ferrolá, sendo sua nai quen lle ensina a ler antes dos nove anos do rapaz, que a ela lle chega o seu final casándose entón seu, pai coa irmá de esta, tía e madriña de Ricardo que tamén fina moi nova.

Con quince anos vai a universidade, ó longo do primeiro curso estuda dúas carreiras, filosofía e letras, que realmente era o que amaba, e dereito, pola que se decanta ó plantexar coa sua familia, a escasa saída profesional das letras. Licénciase con catorce matrículas, tres sobresaíntes e un notable.

Xa no ano trintaedous, fai oposición e traballa como funcionario no concello de Ferrol. Despois do servizo militar, que fai en Santiago, decide, xa que tiña aprobado o primeiro curso, rematar Filosofía e Letras

Foi Mestre, e sempre alumno.

En 1950 chega ó colexio de Fingoi, Lugo, donde non só foi Mestre, senon tamén director do centro. E chega para revolucionar o mundo da educación da época, facendo do galego o sacramento de identidade do noso pobo, cando antes, non se sentía coma una lingua digna.

Xunto con Don Antonio Fernández López, creador do colexio, lánzanse nunha nova experiencia, nunha aventura tola se pensamos nos anos 50 e certamente arriscado: A COEDUCACIÓN. A coexistencia no mesmo centro escolar de alumnos masculinos e femininos, as mulleres tamén tiñan mente e había que estar listos para un mundo igualitario.

Ían en contra da lexislación vixente da época ata que acadan o acordó de traballar coma centro experimental, e coma tal, eran “libres” na pedagogía aplicada. Loitaron así polo que consideraban una educación realista, sen prexuízos de ningún tipo. Tiña una dedicación total, vivía no propio centro, decindo: -“ absórbeme a vida enteira, e nin saio de Fingoi nin fago outra cousa que traballar no colexio”. Era ríxido no seu método, temido polas preguntas que facía espertando así, a creatividade e intelixencia do alumnado; non tiña libros de texto, cadaquén facía o seu propio libro escoitando ó mestre. Non se trataba de aprender frases escritas senon de valores, de valorar as culturas, a lingua, a terra, os vecinos...esa era a maneira de deixar claro, que ninguén é mellor que ninguén.

Dixo él mesmo:

-“As dificultades coas que tiven que loitar naquela experiencia de Fingoi tamén me axudaron a afrontar as dificultades que moitas veces eran inferiores, cando tiven que afrontar o ensino oficial en anos posteriores”.

Alumnos de aquel centro, hoxe son catedráticos de universidades. Alumnas dél, destacaban e eran premiadas polas súas obras poéticas.